

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA POLA QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN E O NOMEAMENTO DA NOVA SECRETARIA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A SEGUNDA PROBA, NO PROCEDEMENTO SELECTIVO DE ORIENTADOR/A LABORAL .

(expediente 1415/2025)

Por Resolución da Alcaldía de data 04/04/2025 aprobáronse as bases específicas do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha (1) praza de Orientador/a Laboral, grupo A2, escala Administración Especial, subescala Técnica, do Concello de Lalín.

Por Resolución de Alcaldía de data 02/06/2025 aprobouse o listado provisional de admitidos/as e excluídos/as , nomeando tamén ao Tribunal tanto os titulares como aos suplente e establecendo a data e o lugar da primeiro proba.

Por Resolución de Alcaldía de data 10/06/2025 aprobouse o listado definitivo de Orientador/a Laboral.

Realizada a primeira proba, coa acta de constitución do Tribunal e demais actas precisas, dando os 5 días hábiles de alegacións e cumprindo co procedemento previsto, o 03/07/2025 subíronse as notas definitivas poñendo a data e lugar da segunda proba.

Visto que o Secretario tanto o titular como a suplente non poden asistir a esta proba por motivos persoais e debidamente xustificados e dado que é unha situación totalmente imprevista, excepcional e puntual, procédese a nomear, soamente para esta segunda proba, a unha nova Secretaria, quedando nas seguintes probas o Tribunal Cualificador aprobado con anterioridade.

Facendo uso das atribucións que me confiren os artigos 21 e concordantes da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, e o art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público,



DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Nomear como Secretaria Titular para esta segunda proba a Dona María Brea Mella, quedando o Tribunal Cualificar da seguinte maneira:

Presidente:

- **Manuel Carramal Silva**

Secretaria:

- **María Brea Mella**

Vogais:

- **Antonio Santos Guerra**
- **Francisco Guerra García**
- **María Teresa Rocha Blanco**

SEGUNDO.- Recordamos que a data e o lugar da segunda proba da fase oposición é a que figura na “*acta dos resultados definitivos tipo test e data da segunda proba*” publicada tanto na páxina web, como na sede electrónica, como no taboleiro de anuncio en data de 03/07/2025, sendo a seguinte:

DATA: Xoves 17 de Xullo de 2025 .

HORA:11:00 h

LUGAR: EDIFICIO POLIVALENTE DO MANUEL RIVERO - Rúa Manuel Rivero, 1, 36500 Lalín, Pontevedra

TERCEIRO.- Para as seguintes probas o Tribunal Cualificador será o aprobado no momento inicial.

O Alcalde,
D. José Crespo Iglesias

Dou fe
O Secretario Xeral
D. César López Arribas

